

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**9744** LEI ORGÁNICA 11/1999, do 30 de abril, de modificación do título VIII do libro II do Código penal, aprobado por Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro. («BOE» 104, do 1-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha proposición non de lei, aprobada polo Pleno do Congreso dos Deputados, con data do 26 de novembro de 1996, complementada por outra do 6 de maio de 1997, ámbalas dúas por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, instou o Goberno a presentar un proxecto de lei orgánica no que se revisen os tipos penais para garantir unha auténtica protección da integridade e liberdade sexual dos menores e incapaces, especificamente mediante a reforma dos tipos delictivos de abuso sexual, e se tipifique penalmente a conduta dos que, por calquera medio, vendan, difundan, exhiban ou faciliten a difusión, venda ou exhibición de materiais pornográficos cando neles aparezan persoas das características indicadas. Unha recomendación do Defensor do Pobo, dirixida ó Ministerio de Xustiza con data do 28 de novembro do mesmo ano, abunda en consideracións similares.

As directrices que guiaron a redacción das indicadas proposición e recomendación coinciden coas expresadas na Resolución 1099 (1996), do 25 de setembro, relativa á explotación sexual dos nenos, da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa.

No mesmo sentido, o Consello da Unión Europea, sobre a base do artigo K.3 do Tratado da Unión Europea, adoptou, o día 29 de novembro de 1996, unha acción común relativa á loita contra a trata de seres humanos e a explotación sexual dos nenos como consecuencia da cal os Estados membros se comprometen a revisa-la lexislación nacional vixente relativa, entre outros aspectos, á explotación sexual ou abusos sexuais cometidos con nenos e á trata de nenos con fins de explotación ou abuso sexual, considerando tales condutas como infraccións penais, prevendo para elas penas eficaces, proporcionadas e disuasorias, e ampliando os fundamentos da competencia dos tribunais propios máis alá do estricto principio de territorialidade.

Todo iso determina o Estado español a modifica-las normas contidas no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, relativas ós delitos contra a liberdade sexual, as cales non responden adecuadamente, nin na tipificación das condutas nin na cominación das penas correspondentes, ás esixencias da sociedade nacional e internacional en relación

coa importancia dos bens xurídicos en xogo, que non se reducen á expresada liberdade sexual, xa que tamén se han ter moi especialmente en conta os dereitos inherentes á dignidade da persoa humana, o dereito ó libre desenvolvemento da personalidade e a indemnidade ou integridade sexual dos menores e incapaces, a vontade dos cales, carente da necesaria formación para poder ser considerada verdadeiramente como libre, non pode ser sempre determinante da licitude dunhas condutas que, sen embargo, poderían ser lícitas entre adultos.

Ó invoca-la dignidade da persoa humana e os dereitos inherentes a esta como bens xurídicos afectados polas condutas de referencia, ponse de manifesto que tamén o acatamento da Constitución española constitúe un dos fundamentos, e non o menos importante, da reforma proxectada, desde o momento en que, segundo o artigo 10.1 daquela, «a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social», o que debe ser completado pola constante xurisprudencia do Tribunal Constitucional, para quen «a dignidade é un valor espiritual e moral inherente á persoa, que se manifesta singularmente na autodeterminación consciente e responsable da propia vida e que leva consigo a pretensión ó respecto por parte dos demais» (STC 53/1985, fundamento xurídico 8, citada a título de exemplo).

Ás expresadas orientacións responde esta lei orgánica, a cal, malia o escaso tempo transcorrido desde a entrada en vigor do novo Código penal, considera indispensable, polas razóns xa expostas, a reforma do título VIII do seu libro II, co fin de tipificar de maneira máis precisa os chamados delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais en relación coa idade das vítimas e coas circunstancias concorrentes; reintroduci-lo delito de corrupción de menores ou incapaces por considerar insuficientes as normas relativas á prostitución, definindo auténticamente ámbolos dous conceptos; amplía-las condutas reprochables de natureza pornográfica, tamén en relación cos menores e incapaces; acomoda-la valoración das circunstancias que agravan a responsabilidade a cada unha das especies delictivas, e revisa-lo sistema de penas, rexeitando aquelas sancións que neste ámbito non resultarían adecuadas ó principio de proporcionalidade ou ás necesidades da prevención xeral e especial que a sociedade demanda, como sucedería en principio coas simplemente pecuniarias.

Así mesmo, os requirimentos da sociedade española, alarmada pola diminución de protección xurídica que se produciu no ámbito dos delitos de significación sexual a partir do repetido Código penal do 23 de novembro de 1995, motivaron que se complementa a reforma da que se vén facendo referencia coa revisión dos delitos de acoso sexual e o tráfico de persoas co propósito da súa explotación sexual. Tamén nestes supostos se procuraron conxuga-las necesidades da prevención xeral e especial co irrenunciabile principio de proporcionalidade das penas no contexto xeral de tódalas infraccións tipificadas no novo título de delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais.

Ademais previuse, seguindo un notable exemplo de dereito comparado, que nos delitos sexuais relativos a menores os prazos de prescrición non comecen a correr ata o día en que a vítima acade a súa maioría de idade, e lembrouse expresamente a necesidade de apreciar concurso real entre os delitos relativos á prostitución e corrupción de menores e as agresións ou abusos sexuais cometidos concretamente sobre a persoa que se atopa en tan lamentable situación.

Por último, pola vía da disposición derradeira, modificáronse as regras sobre competencia extraterritorial previstas no artigo 23 da Lei orgánica do poder xudicial, co fin de aplicar igualmente o principio de universalidade ós delitos de corrupción de menores ou incapaces, por consideralos, no actual momento histórico, polo menos de tanta trascendencia internacional coma os delitos relativos á prostitución, ó responder uns e outros á categoría internacional de delitos de explotación de seres humanos, renunciando, ademais, ó principio da dobre incriminación cando non resulte necesario en virtude dun tratado internacional ou dun acto normativo dunha organización internacional da que España sexa parte.

#### Artigo primeiro.

Modifícase o epígrafe do título VIII do Libro II do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que terá a seguinte redacción: «Delitos contra a liberdade e indemnidade sexuais».

#### Artigo segundo.

Modifícanse os capítulos I a V do título VIII do libro II do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, os cales terán a seguinte redacción:

### «CAPÍTULO I

#### Das agresións sexuais

##### Artigo 178.

O que atentar contra a liberdade sexual doutra persoa, con violencia ou intimidación, será castigado como responsable de agresión sexual coa pena de prisión dun a catro anos.

##### Artigo 179.

Cando a agresión sexual consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado, como reo de violación, coa pena de prisión de seis a doce anos.

##### Artigo 180.

1. As anteriores conductas serán castigadas coas penas de prisión de catro a dez anos para as agresións do artigo 178, e de doce a quince anos para as do artigo 179, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

1.<sup>a</sup> Cando a violencia ou intimidación exercidas revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio.

2.<sup>a</sup> Cando os feitos se cometan pola actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

3.<sup>a</sup> Cando a vítima sexa especialmente vulnerable, por razón da súa idade, enfermidade ou situación, e, en todo caso, cando sexa menor de trece anos.

4.<sup>a</sup> Cando, para a execución do delito, o responsable se valesa dunha relación de superioridade ou parentesco, por ser ascendente, descendente ou irmán, por natureza ou adopción, ou afíns, coa vítima.

5.<sup>a</sup> Cando o autor faga uso de armas ou outros medios igualmente perigosos, susceptibles de produci-la morte ou algunha das lesións previstas nos artigos 149 e 150 deste código, sen prexuízo da pena que puider corresponder pola morte ou lesións causadas.

2. Se concorreren dúas ou máis das anteriores circunstancias, as penas previstas neste artigo imporáanse na súa metade superior.

### CAPÍTULO II

#### Dos abusos sexuais

##### Artigo 181.

1. O que, sen violencia ou intimidación e sen que medie consentimento, realizar actos que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual doutra persoa, será castigado, como responsable de abuso sexual, coa pena de prisión dun a tres anos ou multa de dezaioito a vintecatro meses.

2. Para os efectos da alínea anterior, considéranse abusos sexuais non consentidos os que se executen sobre menores de trece anos, sobre persoas que se atopen privadas de sentido ou das que se abuse do seu trastorno mental.

3. A mesma pena se imporá cando o consentimento se obteña valéndose o responsable dunha situación de superioridade manifesta que coarte a liberdade da vítima.

4. As penas sinaladas neste artigo imporáanse na súa metade superior se concorrer a circunstancia 3.<sup>a</sup> ou a 4.<sup>a</sup>, das previstas na alínea 1 do artigo 180 deste código.

##### Artigo 182.

1. En tódolos casos do artigo anterior, cando o abuso sexual consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de obxectos por algunha das dúas primeiras vías o responsable será castigado coa pena de prisión de catro a dez anos.

2. A pena sinalada na alínea anterior imporase na súa metade superior cando concorran a circunstancia 3.<sup>a</sup> ou a 4.<sup>a</sup>, das previstas no artigo 180.1 deste código.

##### Artigo 183.

1. O que, intervindo engano, cometer abuso sexual con persoa maior de trece anos e menor de dezaseis, será castigado coa pena de prisión dun a dous anos, ou multa de doce a vintecatro meses.

2. Cando o abuso consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de obxectos por algunha das dúas primeiras vías, a pena será de prisión de dous a seis anos. A pena imporase na súa metade superior se concorre a circunstancia 3.<sup>a</sup> ou a 4.<sup>a</sup> das previstas no artigo 180.1 deste código.

### CAPÍTULO III

#### Do acoso sexual

##### Artigo 184.

1. O que solicite favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servicios, continuada ou habitual, e con tal comportamento lle provoque á vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante, será castigado, como autor de acoso sexual, coa pena de arresto de seis a doce fins de semana ou multa de tres a seis meses.

2. Se o culpable de acoso sexual cometese o feito valéndose dunha situación de superioridade laboral, docente ou xerárquica, ou co anuncio expreso ou tácito de lle causar á vítima un mal relacionado coas lexítimas expectativas que aquela poida ter no ámbito da indicada relación, a pena será de arresto de doce a vintecatro fins de semana ou multa de seis a doce meses.

3. Cando a vítima sexa especialmente vulnerable, por razón da súa idade, enfermidade ou situación, a pena será de arresto de doce a vintecatro fins de semana ou multa de seis a doce meses nos supostos previstos na alínea 1, e de prisión de seis meses a un ano nos supostos previstos na alínea 2 do presente artigo.

#### CAPÍTULO IV

##### Dos delitos de exhibicionismo e provocación sexual

###### Artigo 185.

O que executar ou fixer executar a outra persoa actos de exhibición obscena ante menores de idade ou incapaces, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de seis a doce meses.

###### Artigo 186.

O que, por calquera medio directo, vender, difundir ou exhibir material pornográfico entre menores de idade ou incapaces, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano, ou multa de seis a doce meses.

#### CAPÍTULO V

##### Dos delitos relativos á prostitución e á corrupción de menores

###### Artigo 187.

1. O que induza, promova, favoreza ou facilite a prostitución dunha persoa menor de idade ou incapaz, será castigado coas penas de prisión dun a catro anos e multa de doce a vintecatro meses.

2. Incorrerán na pena de prisión indicada, na súa metade superior, e ademais na de inhabilitación absoluta de seis a doce anos, os que realicen os feitos valéndose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

3. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas nas alíneas anteriores, nos seus respectivos casos, cando o culpable pertencer a unha organización ou asociación, incluso de carácter transitorio, que se dedicar á realización de tales actividades.

###### Artigo 188.

1. O que determine, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima, a persoa maior de idade a exercer-la prostitución ou a manterse nela, será castigado coas penas de prisión de dous a catro anos e multa de doce a vintecatro meses.

2. Será castigado coas mesmas penas o que directa ou indirectamente favoreza a entrada, saída ou saída do territorio nacional de persoas, co propósito da súa explotación sexual empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou vulnerabilidade da vítima.

3. Imporánselle-las penas correspondentes na súa metade superior, e ademais a pena de inhabilitación absoluta de seis a doce anos, ós que rea-

licen as conductas descritas nas alíneas anteriores, nos seus respectivos casos, valéndose da súa condición de autoridade, axente desta ou funcionario público.

4. Se as mencionadas conductas se realizaren sobre persoa menor de idade ou incapaz, para iniciala ou mantela nunha situación de prostitución, imporáselle ó responsable a pena superior en grao á que corresponda segundo as alíneas anteriores.

5. As penas sinaladas imporanse nos seus respectivos casos sen prexuízo das que correspondan polas agresións ou abusos sexuais cometidos sobre a persoa prostituída.

###### Artigo 189.

1. Será castigado coa pena de prisión dun a tres anos:

a) O que utilizar menores de idade ou incapaces con fins ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, tanto públicos coma privados, ou para elaborar calquera clase de material pornográfico, ou financiar calquera destas actividades.

b) O que producir, vender, distribuír, exhibir ou facilitar a produción, venda, difusión ou exhibición por calquera medio de material pornográfico na elaboración do cal fosen utilizados menores de idade ou incapaces, aínda que o material tiver a súa orixe no estranxeiro ou for descoñecida.

A quen posuíse o devandito material para a realización de calquera destas conductas seralle imposta a pena na súa metade inferior.

2. Imporase pena superior en grao cando o culpable pertencer a unha organización ou asociación, incluso de carácter transitorio, que se dedicar á realización de tales actividades.

3. O que faga participar un menor ou incapaz nun comportamento de natureza sexual que prexudique a evolución ou desenvolvemento da personalidade deste, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de seis a doce meses.

4. O que tiver baixo a súa potestade, tutela, garda ou acollemento, un menor de idade ou incapaz, e que, con coñecemento do seu estado de prostitución ou corrupción, non faga o posible para impedi-la súa continuación en tal estado ou non acuda á autoridade competente para o mesmo fin se carece de medios para a custodia do menor ou incapaz, será castigado coa pena de multa de seis a doce meses.

5. O Ministerio Fiscal promoverá as accións pertinentes co obxecto de privar da patria potestade, tutela, garda ou acollemento familiar, se é o caso, á persoa que incorra nalgunha das conductas descritas na alínea anterior.

###### Artigo 190.

A condena dun xuíz ou tribunal estranxeiro, imposta por delitos comprendidos neste capítulo, será equiparada ás sentencias dos xuíces ou tribunais españois para os efectos da aplicación da circunstancia agravante de reincidencia.»

#### Artigo terceiro.

No artigo 132.1 do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, engádese, a continuación do seu texto vixente, o seguinte inciso:

«Nos delitos de homicidio, aborto non consentido, lesións, malos tratos, detencións ilegais, torturas e outros delitos contra a integridade moral, contra a liberdade sexual e contra a intimidade,

cando a vítima fose menor de idade, desde o día en que esta acadase a maioría de idade. Se a vítima falecer antes da maioría de idade o prazo de prescrición computarase a partir da data do falecemento.»

#### Artigo cuarto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, un novo artigo 57 coa seguinte redacción:

«Artigo 57.

Os xuíces e tribunais, nos delitos de homicidio, lesións, aborto, contra a liberdade, torturas e contra a integridade moral, a liberdade sexual, a intimidade, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómica, atendendo á gravidade dos feitos e ó perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias a prohibición de que o reo se aproxime á vítima ou se comunique con ela ou coa súa familia, volva ó lugar en que cometese o delito, ou acuda a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se foren distintos, dentro do período de tempo que o xuíz ou tribunal sinalen, segundo as circunstancias do caso, sen que poida exceder de cinco anos.»

#### Artigo quinto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, unha nova alínea 1.<sup>a</sup> bis no artigo 83.1 coa seguinte redacción:

«Artigo 83.1.

1.<sup>a</sup> bis) Prohibición de se aproximar á vítima ou de se comunicar con ela ou coa súa familia.»

#### Artigo sexto.

Introdúcese no Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, unha nova alínea g) no artigo 105.1 coa seguinte redacción:

«Artigo 105.1.

g) Prohibición de se aproximar á vítima ou de se comunicar con ela ou coa súa familia.»

#### Artigo sétimo.

Modifícase a alínea 2 do artigo 617 do Código penal, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, que pasa a te-la seguinte redacción:

«Artigo 617.

2. O que golpear ou maltratar de obra a outro sen lle causar lesión será castigado coa pena de arresto dunha a tres fins de semana ou multa de dez a trinta días.

Cando os ofendidos sexan o cónxuxe ou a persoa a quen se atope ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ou os fillos propios, ou do cónxuxe ou convivente, pupilos, ou ascendentes, sempre que con el convivan, a pena será a de arresto de tres a seis fins de semana ou multa dun a dous meses. Así mesmo, os xuíces ou tribunais poderán acordar nas súas sentencias, por petición da vítima, a prohibición de que o reo se aproxime ó ofendido ou se comunique con el ou coa súa familia, así como a prohibición de que o reo volva ó lugar en que se cometese a falta ou acuda a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se foren distintos, por tempo de tres meses a un ano.»

#### Disposición derradeira.

1. Modifícase a alínea 2, punto a), do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que terá a seguinte redacción:

«Que o feito sexa punible no lugar de execución, salvo que, en virtude dun tratado internacional ou dun acto normativo dunha organización internacional da que España sexa parte, non resulte necesario o dito requisito.»

2. Modifícase a alínea 4, punto e), do artigo 23 da mencionada Lei orgánica do poder xudicial, que terá a seguinte redacción:

«Os delitos relativos á prostitución e os de corrupción de menores ou incapaces.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10035** LEI 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear. («BOE» 107, do 5-5-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante a Lei 15/1980, do 22 de abril, créase o Consello de Seguridade Nuclear como ente de dereito público, independente da Administración central do Estado, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos do Estado, e como único organismo competente en materia de seguridade nuclear e protección radiolóxica.

A principal fonte de financiamento do Consello de Seguridade Nuclear é a recadación que se obtén pola taxa que se cobra como contraprestación dos servizos que presta o organismo no cumprimento das súas funcións de garante da seguridade nuclear e a protección radiolóxica (artigo 9 da Lei 15/1980).

O réxime xurídico da taxa vén fundamentalmente regulado no artigo 10 da Lei 15/1980, precepto que se desenvolve mediante o Real decreto 3229/1982, do 12 de novembro, que pretende derogarse con esta lei, posto que non engade nada á regulación legal.

A experiencia obtida na xestión da taxa fixo, por unha parte, que se decantasen unha serie de problemas de adaptación da norma á realidade, sen prexuízo das puntuais revisións que se viñeron realizando nos tipos e contías aplicables ós diversos feitos impositivos, e que non demostraron adecuación en grao suficiente ás necesidades que viña esixindo a realidade.

A aparición tanto da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, así como a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, fan necesaria a introducción de novos criterios, tanto para a cuantifi-